

ALGUÉN DIXO COMPETENCIAS? AS REVÁLIDAS DE 6º

RODRÍGUEZ TABOADA, JULIO

O pasado mes de maio de 2016 leváronse a cabo por primeira vez en España as “probas de avaliacións de competencias” do alumnado de 6º de Educación Primaria, tal e como se recolle na LOMCE. Dentro desta proba final de etapa recóllese unha “Avaliación da competencia matemática”, a cal será o obxecto sobre o que verse esta comunicación.

Nos últimos cursos o profesorado está a recibir numerosas informacións, algunhas delas contraditorias, sobre os obxectivos finais da súa tarefa docente, incorporándose como fundamental (sempre segundo a normativa legal vixente) o ensino por competencias e o desenvolvemento das competencias básicas, fronte á mera adquisición de contidos. Sen embargo, esta insistencia na priorización das competencias (saber e saber facer) fronte aos contidos, non se ve reflectida nun cambio nos currículos nin, como veremos, no deseño e implementación das probas finais de etapa.

O principal obxectivo deste traballo será o de analizar as probas de “avaliación da competencia matemática” do alumnado de 6º de Primaria realizadas nas diferentes comunidades autónomas en 2016, facendo especial fincapé no estudo da proba proposta en Galicia. As probas obxecto deste análise foron as elaboradas polo MEC (elixida tamén polas comunidades de Castela León, Madrid e A Rioxa), Cataluña, Murcia e Galicia.

A pesar de que estas probas non teñen efectos académicos, na lei recóllese que servirán para avaliar o proceso de adquisición das competencias básicas por parte do alumnado, servindo así para deseñar plans de melloras nos centros escolares, incidindo directamente na práctica docente. Resulta evidente que o contido destas probas influirá de xeito importante na docencia do profesorado dos últimos cursos da etapa de Primaria, amosando tamén aqueles aspectos do currículo que son considerados máis importantes pola administración educativa.

Unha vez analizadas as probas de “avaliación da competencia matemática” antes citadas, constatamos numerosas diferenzas entre elas, tanto no deseño, como nos obxectivos das mesmas, atopándonos en moitos casos con probas de avaliación de contidos e non de avaliación de competencias.

Concretamente, a proba galega resulta ser unha proba clásica de avaliación de contidos, presentando problemas completamente descontextualizados, imaxes e textos irrelevantes na resolución

dos mesmos, erros nos planteamentos, unidades de medida inaxeitadas, cálculos excesivamente complexos, etc. Estas características fan pensar que a administración, a pesar do recollido na lei, prioriza os contidos específicos da materia sobre a adquisición das competencias básicas.

Nesta comunicación detallaremos os principais aspectos de cada unha das probas estudadas, salientando as diferenzas (en canto a deseño e obxectivos) entre as mesmas, e mesmo entre a concepción do ensino das matemáticas inherente a cada unha delas.